

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Declaración mes agosto inhábil*

##### ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 750/2022, do 30 de maio, resolveuse declarar inhábil o mes de agosto para todos os procesos selectivos que se desenvolvan durante o ano 2022 no Concello de Fene. A dita resolución, no que aquí interesa, dispón:

##### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO: DECLARACIÓN DO MES DE AGOSTO COMO INHÁBIL PARA OS EFECTOS DO CÓMPUTO DOS PRAZOS DE TODOS OS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE DESENVOLVAN DURANTE O 2022 NO CONCELLO DE FENE EN EXECUCIÓN DE OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO**

##### ANTECEDENTES DE FEITO

Neste concello estanse a desenvolver diversos procesos selectivos, en execución de diferentes ofertas de emprego público aprobadas. O desenvolvemento destes procesos esixe o cumprimento de determinados prazos, en consonancia co establecido nas resolucións das convocatorias e a normativa de aplicación na materia.

A proximidade do período vacacional ordinario impide garantir o cumprimento dos prazos establecidos e o normal desenvolvemento dos procesos selectivos en curso.

Con base no antedito e de conformidade coa Lei reguladora de bases do réxime local e restante normativa vixente,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar inhábil o mes de agosto para os efectos de garantir o cumprimento do cómputo de prazos de todos os procesos selectivos que, tendo sido convocados ou estando pendentos de convocar, se desenvolvan durante o ano 2022 no Concello de Fene en execución de calquera das ofertas de emprego público aprobadas.

**SEGUNDO.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello para os efectos de que todas as persoas aspirantes dos procesos selectivos convocados en execución das ofertas de emprego público aprobadas teñan coñecemento dela.

(...)

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 31.05.2022 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

2022/3289